

Expediente n.º: 61/2024

Resolución de Alcaldía.

Procedemento: Contrato de subministro por procedemento aberto simplificado abreviado (156.9 LCSP).

Asunto: Adquisición dun vehículo con plataforma elevadora.

Documento asinado: Alcaldía; Secretaría.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes de feito:

Documento	Data
Memoria xustificativa da necesidade	30/07/2024
Providencia de Alcaldía	30/07/2024
Informe xurídico	30/07/2024
Resolución de Alcaldía	30/07/2024
Informe-Proposta aprobación pregos	30/07/2024
Informe de intervención	30/07/2024
Resolución de Alcaldía aprobación pregos	30/07/2024
Prego de cláusulas administrativas particulares	30/07/2024
Prego de prescricións técnicas	30/07/2024
Anuncio de licitación	31/07/2024
Resolución de Alcaldía designación dos membros da mesa e convocatoria	30/07/2024
Acta da celebración da mesa de contratación	23/08/2024
Informe proposta de resolución	27/08/2024
Informe de intervención	27/08/2024

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:



Tipo de contrato		Subministro	
Obxecto do contrato		Adquisición dun vehículo con plataforma elevadora	
Procedemento de contratación		Aberto simplificado sumario	
Tipo de tramitación		Ordinaria	
Código CPV		34142100	
Valor estimado do contrato		22.204,80 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído	22.204,80 euros	I.V.E. (21%)	4.663,01 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído		26.867,81 euros	
Duración da execución		30 días	

Examinada a documentación que acompaña e visto o informe de Secretaría conforme o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamiento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de subministro para a adquisición dun vehículo con plataforma elevadora nas condicións que figuran na oferta e detalladas nos pregos de cláusulas administrativas particulares de prescricións técnicas a Minero Conforex, S.L, CIF B32383762, á vista de ser a única oferta



presentada e sendo a mesma conforme co disposto nos pregos e demais documentación contractual.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto correspondente por importe de 26.867,81 euros.

TERCEIRO. Dar conta da resolución á intervención e tesourería a efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

CUARTO. Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

QUINTO. Notificar a resolución ao adxudicatario do contrato advertíndolle que a formalización do contrato se deberá efectuar a través da sinatura do documento de formalización do documento anexo á presente resolución que deberá ser remitido por medios electrónicos antes do 31 de agosto de 2024.

SEXTO. Publicar o anuncio de formalización do Contrato no Perfil do contratante no prazo non superior a 15 días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no Anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SÉTIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato, incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación do Imposto sobre o Valor Engadido.

En Melón, na data de sinatura dixital á marxe.

O Alcalde-Presidente.

